



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ORDENANZA REGULADORA DO ALBERGUE MUNICIPAL RODRÍGUEZ SINDE DA GUARDA

ARTIGO 1º.- DISPOSICIÓN XERAIS

O Albergue municipal Rodríguez Sinde empregarase fundamentalmente para atender aqueles peregrinos que realicen o Camiño Portugués da Costa. A orde de prioridade para a ocupación do albergue será a que se establece a continuación:

1. Os peregrinos con limitacións físicas.
2. Os peregrinos a pé.
3. Os peregrinos a cabalo.
4. Os peregrinos en bicicleta.
5. As persoas que viaxen con coches de apoio.

As prazas ocuparanse ao chegar os peregrinos ao albergue, debendo os grupos integrados por oito ou máis persoas, reservar prazas cunha antelación mínima de 7 días.

Ademais dos peregrinos, nas instalacións do albergue poderán aloxarse usuarios non peregrinos sempre que o soliciten previamente cunha antelación mínima de 7 días.

En ningún caso os usuarios non peregrinos poderán ocupar a totalidade das prazas debendo sempre quedar a disposición de eventuais peregrinos un mínimo razoable de prazas en previsión de que algún poida necesitar das instalacións.

ARTIGO 2º.- REXISTRO DE ENTRADAS

Para a utilización do Albergue Municipal será obrigatorio a presentación do DNI, pasaporte, carta de identidade ou similar así como cumprimentar a correspondente ficha de inscrición.

Os peregrinos deben acreditar efectivamente que están realizando o Camiño de Santiago mediante a presentación da Credencial de Peregrino debidamente selada.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ARTIGO 3º.- NORMAS DE COMPORTAMENTO

A utilización das instalacións do albergue estará suxeita ao cumprimento das seguintes condicións:

1. Os peregrinos unicamente poderán pernoctar no albergue unha soa noite, salvo en caso de enfermidade ou outra causa de forza maior.
2. A recepción de peregrinos terá lugar antes das 22.00 h. Na entrada do albergue publicarase un número de teléfono ó que poderán dirixirse cando non haxa ninguén na recepción.
3. Para respectar o descanso dos usuarios, as luces permanecerán apagadas entre as 23.00 e as 8.00 h.
4. O albergue deberá abandonarse antes das 11:00 h. horas da mañá. No caso de facelo máis tarde procederase a cobrar a taxa correspondente a dito día.
5. Os usuarios/ás deberán coidar as instalacións coa debida dilixencia, deixándoas ordenadas e limpas; recoller e depositar o lixo nos correspondentes colectores.
6. O mobiliario da cociña, as mesas e demais enseres deberán quedar totalmente limpos e recollidos.
7. Non se poderá malgastar a auga nin a luz.
8. Para secar a roupa utilizaranse exclusivamente os tendais.
9. Non se permitirá a entrada de animais de compañía no interior do albergue.

O incumprimento dos deberes anteriormente citados, así como calquera conduta susceptible de ser considerada como perturbadora do bo funcionamento do albergue, faculta o responsable para obrigar aos infractores a abandonalo, sen prexuízo da existencia de responsabilidades.

ARTIGO 4º.- TAXAS

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 da Lei 39/1998, de 28 de decembro, regulamentadora das Facendas Locais e 6 e 23 da Lei 6 e 23 da Lei 8/1989 de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, este Concello establece a taxa por prestación do servizo de albergue municipal.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ARTIGO 5º.- FEITO IMPOÑIBLE

O devengo da taxa e da obriga do pago nace desde o memo momento en que se inicie a prestación do servizo.

ARTIGO 6º.- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas física e xurídicas que disfruten, utilicen ou aproveiten en beneficio propio o albergue municipal

ARTIGO 7º.- TARIFAS

A utilización do albergue por parte dos peregrinos que acrediten tal condición implicará o pagamento por adiantado de 5 € por persoa e día. Dita cantidade será aboada polos usuarios no momento do seu ingreso.

Os usuarios non peregrinos están suxetos á unha taxa de 8 € e ás mesmas obrigacións de pago, coidado, mantemento e uso correcto das instalacións e mobiliario.

Quedan exentos do pago das taxas aquelas persoas ou grupos que desenvolvan actividades culturais, deportivas ou lúdicas directamente organizadas polo Concello ou que organizadas por outras asociacións ou institucións o Concello considere que son de interese xeral.

ARTIGO 8º.- FORMA DE PAGO

Os usuarios recibirán do responsable do albergue un comprobante de ter realizado o pagamento.

O responsable do albergue entregará semanalmente un listado de usuarios e a cantidade ingresada correspondente na Tesorería do Concello.

O pago da taxa autoriza ao usuario a utilizar as instalacións do albergue e a facer uso dos servizos que ofrece: cama con roupa de cama desbotable, funda nórdica, uso da cociña (sen enxoval) e ducha (con auga quente).

DISPOSICIÓN FINAL.-

Esta ordenanza entrará en vigor tras a súa publicación con arranxo ao establecido legalmente.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



ALBERGUE MUNICIPAL RODRÍGUEZ SINDE

FICHA DE INSCRIPCIÓN

Nº USUARIO:
DATA
APELIDOS E NOME:
DNI (Pasaporte, Carta de identidade)
DOMILIO:
CREDENCIAL DE PEREGRINO <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
TAXA <input type="checkbox"/> 5 € <input type="checkbox"/> 8 €
FIRMA